


ORIXE E EVOLUCIÓN DAS MONTAÑAS GALEGAS

A topografía galega correspóndese coa dun territorio moi vello, profundamente modificado desde a súa orixe por procesos erosivos, que actuaron durante longos períodos de tempo. Formouse durante a **oro xenia Hercínica**, (hai uns 360 millóns de anos) como consecuencia da colisión entre os bloques de Laurasia (a actual Norteamérica, Groenlandia e o norte e centro de Europa) e Gondwana (África, Sudamérica, Australia e a Antártida) que provocou un afloramento de rochas plutónicas e metamórficas que formaron un sistema montañoso de varios miles de metros de altitude. No tramo final desta etapa produciuse unha distensión que deu lugar a numerosas fracturas.


A isto sucedulle un período de erosión que durou uns douscentos millóns de anos, co que a maior parte do territorio quedou reducido a unha extensa superficie arrasada, na que afloraron as rochas que estaban no interior, e producíronse novas fracturas.

Nos inicios do Terciario (hai entre 65 e 2 millóns de anos), durante a **oro xenia Alpina** reactiváronse as fracturas formadas en épocas anteriores o que produciu a elevación e afundimento de diferentes bloques.


No Cuaternario a sucesión de cambios climáticos fixo variar notablemente o nivel do mar, e os cursos e caudais fluviais. No último millón de anos houbo unha intensa actividade glaciaria que produciu os últimos grandes cambios na fisonomía das serras máis altas (Ancares, O Courel, Queixa, Segundeira, O Xurés e o Macizo de Trevinca).



Evolución dos continentes durante o Paleozoico. O punto indica a posición aproximada de Galiza



Esquema da formación do territorio de Galiza a consecuencia do choque entre Laurasia e Gondwana




Mapa de releve coa situación das principais fracturas.



Pregue na Serra de Auga Levada, á beiras do Sil, un exemplo da Oro xenia hercínica, no que se pode apreciar perfectamente a estratificación característica dos materiais sedimentarios.

A serra da Capelada está formada polas rochas máis antigas de Europa, procedentes do fondo do océano e impulsadas á superficie na etapa de formación do territorio.

Macizo Granítico no Monte Pindo.



Evolución dun macizo granítico. Os granitos que actualmente se atopan na superficie, en gran parte de Galiza, afloraron como consecuencia da erosión que, durante millóns de anos, arrastrou o material que se atopaba enriba deles.

A variación, en pouco tempo, das condicións ambientais, humidade e temperatura, fan que os materiais das montañas estean sometidos a cambios constantes que provocan a súa fractura

Macizo de Pena Trevinca, no que se atopa o cume máis alto de Galiza, con 2.124 m.

